

O conto do demo e a rapaza

Patricia GARCÍA

- Pois díxonos a mestra que fixeramos unha exposición.
- E ti, de que vas falar?
- Aínda nono sei... penseino moito, non creas, pero agora xa non teño ideas.
- Mira, ti o que tes que facer é durmir un pouco e cando espertes, seguro que tes algunha idea.
- Mellor vou dar unha volta.
- Como queiras, xa outro día me contas.
- Xa che contarei. Deica logo.
- Ata logo.

E hoxe é un día calquera. Nesta rúa non atopo a ninguén, vaia, que non hai musas, só as arbores, o mar, a néboa...e el. Ese home semella un personaxe de conto. Ten un ar de lenda, cecáis sexa o maléfico señor dos bosques e os mares Cercáis sexa o mesmísimo Demo trocado en home. Creo que se vai chamar Son, si, paréceme un bo nome. Agora cómpre darlle unha historia.

- ¿Pero ti que queres facer?
- Non che dixen que aínda non o sei. Non me amoles, que xa teño un personaxe.
- Ben, e que vais facer con el?
- Pois penso quedar aquí, que queres, que vaia e o invite ao café?
- Non, claro; anda senta aí e toma o teu café.
- Ben, agora, silencio. Para mín o máis difícil é atopar as palabras, o conto está a piques de saír, síntoo.
- Fai o que che pete, eu vou pedirlle ao camareiro un almorzo.
- Pensas comer agora? Home, o que non vou facer é ver como quere chover.
- Pois non é mala idea, oe. A ver, deixa que o escriba.

O home co seu ollar gris e profundo coma o mar, azul de tormento, presaxiando a tormenta no ceo, na terra, no mar, no vento. No vento que lleía traer a resposta...

- Anda, deixate de parvadas, dasme vergoña. Non podes dicir como é? a xente quere saber que pinta ten o demo...

- Ti a calar. O demo pode ter o pelo longo ou curto, liso ou ondulado. Pode telo negro, louro, roxo, vermello, pode telo cano. Pode ter barba e bigote, ou perilla, ou nada. Pode o Demo levar lentes? Paréceme que non...
- O demo, ten sido un personaxe moi atractivo, xa o sabes, non, artista?
- Xa sei..., esa é outra boa idea. Imos ver, temos o home, coa súa ollada, o presaxio da tormenta..., fai falla outro personaxe.
- O demo, ten familia? Un fillo, un pai, un irmán...? A nai do demo mellor deixámola no inferno, non che parece?
- Mira, o demo, dende sempre ten sido o Anxo Caído. Non lle deas máis voltas ao caso que non as ten.
- Entón, ten pai, non? Poderías fai facelo un home divorciado, ou solteiro, cecais un estudante... xeitoso, intelixente, tímido, ou mellor, serio...
- Mira, deixa xa o meu demo. Aínda non penséi noutro personaxe, e terei que facer o feitizo do seu ollar mariño.
- Pero, home, iso é moi doado. Só precisas unha rapaza, ou muller, o ex-muller; unha personaxe feminina. Iso está claro.
- E por qué non un barco?
- Botar o feitizo ao barco? O demo? Desnortaches..., sereas, cecais, pero o demo, non.
- Pois iso da rapaza está moi visto...
- O demo é o que ten... Atractivo...
- Bo, entón, a rapaza camiñaba pola rúa, na beiramar, ía contra o vento; ela era a que enfrontaba ás tormentas. Si, facía as chocar unhas contra outras nunha furia de sons dos elementos. Facía a melodía dos tormentos...
- Iso sóame a Zeus, e os seus raios.. ou a Nubeu...
- Ela, non ten Nome. É auga, a chuvia mesma. É o fogo, e lume, luz.
- Non era unha rapaza enfeitizada? Xa sabes, polo demo...ese da ollada das cores mariñas, o que andaba na espera dunha resposta...
- Anda, vaite e pide outro café, pago eu.

